



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Urbanismo

Acordo de necesidade de ocupación do proxecto de expropiación forzosa de terreos para a execución da obra de senda peonil e ciclista Naval-Canide (Expediente 2024/PLANEAM/000003 - FG N° 729)

ANUNCIO

Acordo de necesidade de ocupación do PROXECTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA DE TERREOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE SENDA PEONIL E CICLISTA NAVAL-CANIDE (Expediente 2024/PLANEAM/000003 - FG N° 729)

Mediante decreto da Alcaldía núm. 2025002946 do 10 de xuño, acordouse declarar a necesidade de ocupación dos bens do proxecto de expropiación de terreos para a execución da senda peonil e ciclista Naval-Canide, asinado polo arquitecto municipal con data 14 de marzo de 2025.

Apróbase tamén definitivamente a relación completa e individualizada dos bens afectados polo expediente expropiatorio. Dita relación xunto co proxecto pode consultarse na web do concello, na área de Urbanismo – Trámites de información pública.

Así mesmo solicítase ás persoas titulares de dereitos afectados que aínda non acreditaron a titularidade das parcelas presenten os correspondentes títulos de propiedade.

Oleiros, 12 de xuño de 2025

Ángel García Seoane

Alcalde-Presidente

2025/6083